

Dinamización social deportiva e cultural

- Daremos apoio decidido á Banda Xuvenil de Barro e ao Grupo de danzas Amor Ruibal, creando no edificio actual da Escola Taller un local de ensaio que cubra as súas necesidades. Asinaremos un convenio con ambas asociacións para que desde o concello se contribúa ao seu mantemento e potenciación.
- Apoiaremos e respaldaremos todas as iniciativas das agrupacións culturais e deportivas que compoñen o tecido social de Barro.
- Potenciaremos e apostaremos pola práctica de diferentes deportes desde unha Escola Deportiva Mucipal, dando así un xiro de 180 graos á actual política deportiva municipal.
- Promoveremos a mellora da biblioteca municipal, habilitando un espazo de estudo. Tamén habilitaremos un espazo de acceso gratuíto a internet e a todo tipo de material informático.
- Recuperaremos e dotaremos de actividade continuada todos os locais parroquiais.
- Poremos en marcha unha ludoteca que atenda as necesidades dos/as nenos/as do noso concello.
- Construiremos parques infantís e parques bio-saudables en cada parroquia, para atender as necesidades d@s nen@s e dos nosos maiores.
- Elaboraremos un Plan Cultural con todas as asociación do concello para establecer unha programación anual, fomentando a colaboración entre os distintos colectivos.
- Rexeneraremos o servizo de voluntariado, principalmente, reconstruíndo o servizo de Protección Civil: actualizándoo e integrándoo en plans de colaboración cos concellos limítrofes.
- Poremos en marcha o proxecto da Casa da xuventude, coa finalidade de ser punto de encontro da mocidade e ser elemento dinamizador das inquietudes e da creatividade d@s mozos do noso concello.
- Poremos en marcha un plan de uso do Pavillón de Deportes, para que estea aberto a tod@s @s veciñ@s que queiras usalo e adecuarémolo para que se poidan practicar nel o maior número posible de deportes.



Patrimonio e medio ambiente

- Tramitaremos e exixiremos a **integración do Castro do monte da Chan no plan da Deputación e o Ministerio de Fomento para a recuperación e posta en valor de achados arqueolóxicos**. Converténdoo nun punto de interese e atracción turística no entorno das Ría Baixas sendo así un elemento dinamizador da economía de Barro.
- Crearemos un **plan de mellora e mantemento do parque natural Ría de Barosa**; combinando o coidado e a conservación do patrimonio coa creación e mantemento de parques e xardíns.
- Poremos en valor os distintos **petróglifos** do noso concello, co obxectivo de atraer máis visitantes e de conservar e difundir o noso patrimonio.
- Crearemos a **rutas do viño** de Barro.
- Estableceremos un plan de mellora e conservación dos **muiños de Curro** e crearemos unha **ruta no entorno do río Louroso** para o disfrute da veciñanza e que sirva ao mesmo tempo como elemento dinamizador do concello.
- Apostaremos decididamente pola recuperación e potenciación do tramo de Barro do **camiño portugués**, convertíndoo nun elemento máis de atracción e interese no noso concello, así como tamén como elemento dinamizador da nosa economía.
- Elaboraremos un plan de recuperación da **toponimia** de Barro.



RAZÓN E CORAZÓN





Barro
depende
de nós

Programa
de goberno
2015-2019



Un Barro para vivir

Prezado amigo, prezada amiga:

Permíteme que me dirixa a ti con motivo das vindeiras eleccións municipais do 24 de maio, nas que o futuro do noso concello se xoga moito.

Barro é un concello con moitas potencialidades, tanto pola nosa situación xeográfica, como polo dinamismo das suas xentes, pero 32 anos de goberno do PP non permitiron que o concello se situara no lugar que lle corresponde.

Nestas eleccións hai que escoller entre dúas formas de entender a xestión municipal:

A do PP que se caracteriza pola improvisación, a mentira, a ineficacia, o amiguismo, e o despilfarro do diñeiro de todos e todas nós, ou a do BNG que supón apostar por un equipo solvente e serio, con proxecto e capacitado para que Barro consiga estar ao nivel dos tempos que vivimos en canto a servizos, e calidade de vida.

Para nós a xente é o mais importante, por iso queremos contar coa participación de todas e todos, pois vós tedes que ser os protagonistas das decisións que se tomen no ámbito municipal.

Eu sei que moitos do vós o estades a pasar mal por culpa da crise que nos fan vivir, e polas decisións que tomaron os gobernos do PP (tamén o municipal), que están a causar moito sufrimento e falta de confianza no futuro, pero podo garantirvos que se me dades a confianza para ser o voso alcalde, traballarei arreo para conquistar un futuro mellor para todos nós e as nosas fillas e fillos.

O 24 de maio chegou o momento de abrir as portas, e que entre aire fresco no noso concello. Co voso apoio faremos un Barro mellor, un Barro para todas e todos.

Xosé Manuel Fernández Abraldes

Economía e emprego

- Aplicaremos un **plan de incentivos económicos para atraer empresas ao noso polígono e facilitar o seu asentamento**, co fin de que se creen novos postos de traballo de calidade e que prioricen a contratación de veciño@s de Barro para reducir a taxa de paro do noso concello.
- Rehabilitaremos e poremos en uso a **praza de abastos** municipal como elemento dinamizador da economía local.
- Reorganizaremos a **Feira de Barro**: cambiando a ubicación dos postos para evitar molestias aos veciños, dando prioridade á xente de Barro para instalar postos de venda, e obrigando a quen a xestione a pagar as taxas ao concello.
- **Revisaremos a esaxerada subida de impostos aplicada estes últimos catro anos**, deixando de cobrar a contribución como solares ou chan industrial a aqueles terreos que non dispoñan de servizos para ser considerados como tales.
- Ofreceremos **asesoramento especializado** a todas aquelas persoas que teñan iniciativa para a posta en marcha de empresas no noso concello.
- Fomentaremos a **creación de cooperativas do sector agrario e forestal**, incentivando a reestruturación do sector do viño con apoio aos produtores para que cada vez sexa máis rendíbel a súa actividade produtiva.
- Potenciaremos a **Festa do Viño** para que se converta nun verdadeiro escaparate da calidade dos viños de Barro e serva tamén como atractivo turístico.
- Elaboraremos plans para sacar o **maior rendemento ás producións dos nosos montes**, aproveitando as distintas potencialidades que nos ofrecen.
- Crearemos o **servizo de orientación e inserción laboral** para axudar na búsqueda de novas oportunidades de emprego.
- Crearemos un **directorio de profesionais** de Barro, co obxectivo de facilitar aos veciños a contratación destes.

Servizos, instalacións e participación veciñal

- Constituiremos **consellos parroquiais**, onde estén representados todos os colectivos e lugares de cada parroquia para que sexan @s veciñ@s quen decidan democraticamente onde se investirá a partida orzamentaria dedicada a cada parroquia.
- Construiremos un **Centro de Día** que dea servizo ás persoas maiores, onde poidan relacionarse, e recibir a atención que necesitan e non precisen desprazarse fóra do Concello.
- Implantaremos a rede de **saneamento** en todo o concello; encargando un plan técnico para acometer de xeito urgente e planificado a implantación deste servizo básico.
- Levaremos a auga da **traída municipal** a todas as parroquias, para que dea servizo a todos os veciños e veciñas do concello.
- Esixiremos a **reforma urgente da PO-531 ao seu paso por Curro** nas condicións pactadas cos veciños.
- Esixiremos a construción da **rotoda do cruce Porrás** e a solución aos problemas de tráfico do Santo Antoniño, priorizando a solución do **cruce da Rúa Areal** coa N-550.
- Plan para a recuperación e mellora das **fontes e lava-doiros**.
- Reformaremos e adecentaremos o **Centro Médico** para que reúna unhas condicións aceptables, mellorando tamén a súa accesibilidade.
- Traballaremos nunha **mellora do colexio** para suplir as carencias actuais e negociaremos coa Xunta de Galicia a construción dun **novo centro escolar**.
- Melloraremos a recollida de lixo coa implantación efectiva da **recollida selectiva** (papel e vidro) en todas as parroquias. E tamén a creación dun **punto limpo** no noso concello.
- Facilitaremos o acceso ao **transporte público** para poder desprazarse todo aquel que o necesite a facer as súas xestións, cun custe simbólico.
- Modificaremos o PXOU para que **os núcleos rurais se poidan desenvolver** de forma ordeada e que as nosas parroquias teñan posibilidades de medre.
- Reclamaremos que se urbanice a **estrada vella en Outeda** para mellorar a súa imaxe e seguridade.
- Melloraremos a **accesibilidade**, tanto de espazo públicos como dos edificios municipais.
- Desenvolveremos planificadamente o **núcleo urbano do Santo Antoniño**: dotándoo dos servizos necesarios, de zonas verdes, de limpeza e mobiliario urbano. Do mesmo modo, daremos á estrada N-550 un tratamento de **vía urbana** nese tramo.